

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0018	Intervención con familias e atención a menores en risco social	2018/2019	6	123	123

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA ESTHER SANTOS PÉREZ, ESTEFANÍA GARCÍA AMOR (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade cubre, dentro do sector Produtivo de Servizos á Comunidade e Persoais, as actividades produtivas de asistencia social, as culturais e as recreativas. O currículo de Técnico Superior en Educación Infantil aparece regulado polo Decreto 226/2008 e polo Decreto 38/2010 no que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico/a superior en Educación Infantil.

A competencia xeral deste título consiste en deseñar, pór en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no primeiro ciclo de educación infantil no ámbito formal, consonte a proposta pedagóxica elaborada por un mestre ou unha mestra coa especialización en educación infantil ou título de grao equivalente, e en toda a etapa no ámbito non formal, xerando contornos seguros e en colaboración con profesionais e coas familias.

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade profesional ou voluntaria no sector dos servizos ás persoas, no de servizos á comunidade, no sector da educación formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Educador ou educadora infantil en primeiro ciclo de educación infantil, sempre baixo a supervisión dun mestre ou dunha mestra, en institucións públicas e privadas.
- Educador ou educadora en institucións ou en programas específicos de traballo con menores (de cero a seis anos) en situación de risco social, ou en medios de apoio familiar, seguindo as directrices doutros profesionais.
- Educador ou educadora en programas ou actividades de lecer e tempo libre infantil con menores de cero a seis anos: ludotecas, casas de cultura, bibliotecas, centros educativos, centros de lecer, granxas escola, etc.

Para o cumprimento das tarefas propias desas ocupacións, estableceuse un ciclo formativo de grao superior, Educación Infantil, que proporciona o título de Técnico/a Superior de Educación Infantil de 2000 horas. A través deste ciclo, o TSEI acada as capacidades profesionais que lle permiten lograr unha competencia xeral e as competencias profesionais, persoais e sociais que seguen:

- Programar a intervención educativa e de atención social á infancia a partir das directrices do programa da institución e das características individuais, do grupo e do contexto.
- Organizar os recursos para o desenvolvemento da actividade respondendo ás necesidades e ás características dos nenos e das nenas.
- Desenvolver as actividades programadas empregando as estratexias metodolóxicas e os recursos apropiados, e creando un clima de confianza.
- Deseñar e aplicar estratexias de actuación coas familias, no marco das finalidades e os procedementos da institución, para mellorar o proceso de intervención.
- Responder ás necesidades dos cativos e das cativas, así como das familias que requiran a participación de profesionais ou servizos, utilizando os recursos e os procedementos axeitados.
- Actuar ante continxencias relativas ás persoas, aos recursos ou ao medio, transmitindo seguridade e confianza, e aplicando, de ser o caso, os protocolos de actuación establecidos.
- Avaliar o proceso de intervención e os resultados obtidos, elaborar e xestionar a documentación asociada ao proceso, e transmitir a información co fin de mellorar a calidade do servizo.
- Manter actualizados os coñecementos científicos e técnicos relativos á propia actividade profesional, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida.
- Actuar con autonomía e iniciativa no deseño e na realización de actividades, con respecto polas liñas pedagóxicas e de actuación da institución en que se desenvolva a actividade.
- Manter relacións fluídas cos nenos e as nenas, coas súas familias, cos membros do seu grupo e con outro persoal profesional, amosando habilidades sociais e capacidade de xestión da diversidade cultural, e achegar solucións para os conflitos que se presenten.
- Xerar contornas seguras, respectando a normativa e os protocolos de seguridade na planificación e no desenvolvemento das actividades.
- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que deriven das relacións laborais, consonte ao establecido na lexislación.



- Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, autoemprego e aprendizaxe.
- Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando o estudo da viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e de responsabilidade.

A superación deste módulo permite ao alumnado a acreditación da seguinte unidades de competencia: UC1032_3: Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do cativo e da cativa cos seus iguais e coas persoas adultas.

Cunha duración de 123 horas, o módulo profesional de Intervención con familias e atención a menores en risco social, contén a formación necesaria para desempeñar as seguintes funcións:

¿ Organización, execución e avaliación de intervencións socioeducativas con menores de cero a seis anos en situación de risco ou en acollemento en centros de menores.

¿ Organización, execución e avaliación de intervencións dirixidas a favorecer a colaboración das familias no proceso socioeducativo dos cativos e das cativas e, de ser o caso, mellorar as súas pautas educativas e de crianza.

A función de organización abrangue aspectos como a detección de necesidades e a elaboración da programación, especificando todos os seus elementos.

A función de execución inclúe a recollida de información dos cativos e das cativas e as súas familias, a organización da actuación e a previsión de contingencias, o desenvolvemento da actuación propiamente dita, a aplicación das estratexias de intervención establecidas na programación e a elaboración e formalización da documentación asociada ao proceso.

Finalmente, a función de avaliación refírese ao control e ao seguimento das actividades.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense no sector da educación formal e non formal, así como no dos servizos sociais de atención a menores de cero a seis anos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), f), g), j), k) e l) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), d), e), g), i) e j) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

¿ Deseño de programas e de actividades socioeducativas dirixidas a menores en situación de risco ou acollemento partindo do marco teórico dos sistemas e dos servizos de protección á infancia e das directrices xerais establecidas nunha institución real ou ficticia.

¿ Deseño de programas e actividades de intervención con familias, partindo de situacións reais ou ficticias, e selección e posta en práctica de estratexias metodolóxicas que favorezan a súa participación e melloren a súa competencia educativa.

¿ Realización de entrevistas e reunións analizando as habilidades sociais e de relación interpersoal necesarias en cada caso.

¿ Avaliación das intervencións seguindo procedementos de calidade implantados nas institucións, ou elaborando e seleccionado os instrumentos axeitados.

¿ Execución de traballos en equipo.

¿ Aplicación de criterios e indicadores que permitan a mellora da eficacia e da calidade do servizo.

- Avaliación do traballo realizado.

Podemos valorar con estes datos como na localización do Título de Técnico/a Superior en Educación Infantil na cidade de Santiago de Compostela as administracións educativas tiveron en conta as seguintes consideracións:

-O perfil profesional deste título está a evolucionar cara a unha maior capacidade de adaptación a diferentes ámbitos e a un aumento das funcións relacionadas coa coordinación e a mediación con familias, debido a que a normativa de conciliación da vida familiar e laboral estea a producir unha diversidade de servizos complementarios de lecer e tempo libre dirixidos a nenos e nenas destas idades.

-A crecente demanda dunha maior calidade do servizo ha provocar un descenso no número de alumnos e alumnas por aula, xunto coa xeneralización progresiva de dous membros do profesorado impartindo docencia conxunta, o que, en consecuencia, vai supor un aumento no número de postos de traballo para tales profesionais.

-As destrezas e os coñecementos relacionados coas novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicables á infancia han ter un peso



cada vez maior, o que lle esixe a quen exerza esta profesión unha actualización permanente das súas capacidades.

-A implantación progresiva de sistemas e procesos de calidade que garantan a eficacia e a mellora dos servizos vaille esixir tamén maiores capacidades relacionadas coa elaboración, o seguimento e o cumprimento de protocolos nos ámbitos educativo e social.

As cualificacións profesionais completas incluídas no título son as seguintes:

- UC1027_3: Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con outros profesionais.

¿ UC1028_3: Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de cativos e cativas.

¿ UC1029_3: Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.

¿ UC1030_3: Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil.

¿ UC1031_3: Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.

¿ UC1032_3: Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do cativo e da cativa cos seus iguais e coas persoas adultas.

¿ UC1033_3: Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretadas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos.

Estas UC capacitan ao alumnado para traballar en varios ámbitos que están moi presentes na nosa Comunidade, na provincia e na contorna de Santiago de Compostela, contexto socioeconómico de influencia do CIFP Compostela. A familia constitúe un importante factor que contribúe a amortecer os riscos da desprotección social. Se a familia funciona ben e é educadora, o que está facendo é previr situacións de risco social. Ao longo do tempo, prodúcese unha serie de transformacións sociais que levan a que a familia tradicional perda a capacidade integradora (redes de solidariedade baseadas no parentesco e lazos familiares). Por iso, o que precisamos son políticas públicas que axuden a minorar esas perdas de capacidade. Na actualidade, a Infancia está suxeita a dobre protección: como persoas e como nenos/as, sendo o obxectivo na súa atención o desenvolvemento integral. Para isto, o Estado de Benestar desenvolve lexislacións de protección, sendo a máis importante a Declaración dos Dereitos do Neno, na que se recollen os mínimos necesarios para garantir o desenvolvemento integral, o goce dos dereitos e liberdades. Santiago de Compostela é unha cidade comprometida solidariamente con políticas sociais encamiñadas á cobertura das necesidades individuais e colectivas que aposta por un modelo social que procure a integración participativa, que garantice a protección dos dereitos sociais, políticos e económicos, moi en concreto da infancia e das familias máis desfavorecidas e en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social. Existen programas implementados por Igaxes3 nos pisos tutelados, nas casas de familia, nas miniresidencias, nas residencias, nos centros con fogares, nas vivendas tuteladas, etc, onde os futuros/as educadores e educadoras infantís terán cabida a través da súas competencias profesionais na nosa contorna ou previndo nos centros educativos como as EIM ou nas Galiñas Azuis. Ata hai ben pouco contabamos cos equipos de Nenos Maltratados e Abusados no entorno familiar (ENMA): xestionados tamén por Igaxes3, era un servizo público e gratuito que se caracterizaba por desenvolver unha intervención urxente e especializada destinada a menores maltratados e abusados no contexto familiar.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A infancia	Evolución do concepto da infancia ao longo da historia. Análise do marco xurídico de protección dos dereitos á infancia. Organismos internacionais e figuras de protección a menores	23	20
2	A familia	Evolución da institución familiar e identificación da situacións de risco social nas familias. Partindo dos aspectos legais da intervención con familias, análise dos modelos de intervención nos ámbitos educativo e social	25	20
3	Os malos tratos á infancia	Estudos dos diferentes aspectos do maltrato infantil e o rol do/a educador/a na súa detección	25	20
4	Intervención con familias e menores en risco social e desamparo: medidas de protección	Análise das necesidades de cooperación coas familias. Elaboración e aplicación das entrevistas coas familias e o rol do educador/a. Organización das reunións coas familias e rol do educador/a.	25	20
5	Separación d@ menor do núcleo familiar: centros de protección de menores e acollemento familiar	Partindo da tipoloxía de centros de menores, valoraranse os programas e servizos de atención á infancia	25	20



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A infancia	23

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica programas e actividades de intervención socioeducativa dirixidos a cativos e cativas en acollemento en centros de menores, analizando o modelo de atención á infancia da institución e a normativa legal vixente.	NO
RA2 - Planifica programas e actividades de intervención con familias e xustifica o papel desa intervención na educación e no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.	NO
RA5 - Avalía o proceso e o resultado das intervencións socioeducativas cos cativos e as cativas en acollemento en centros de menores en relación coa avaliación das variables salientables e os protocolos establecidos na institución.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as diferenzas entre os tipos de modelos de atención á infancia na Unión Europea.
CA1.2 Identifícanse e describíronse as características máis salientables da rede de servizos sociais de atención á infancia.
CA1.3 Analízase a lexislación en relación aos servizos de atención á infancia.
CA1.7 Propúxéronse actividades, recursos e estratexias de intervención adecuadas.
CA1.10 Valorouse a importancia do traballo en equipo no éxito da intervención.
CA1.11 Respetáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.
CA2.1 Identificouse e describiuse a influencia das pautas de crianza na familia no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
CA5.2 Establecéronse as estratexias, as técnicas e os instrumentos de seguimento e avaliación da intervención.
CA5.3 Aplicáronse os instrumentos de avaliación seguindo o procedemento correcto.
CA5.4 Interpretouse correctamente a información obtida.
CA5.5 Identifícanse os aspectos que cumpra modificar na intervención.
CA5.6 Propúxéronse as medidas necesarias para mellorar a intervención.
CA5.7 Déuselles información aos membros do equipo seguindo os protocolos establecidos.
CA5.8 Identifícanse situacións que requiran a participación doutro persoal profesional, así como as pautas de actuación.
CA5.9 Déuselles información ás familias acerca do progreso do neno ou da nena, de xeito individualizado e comprensible.
CA5.10 Valorouse a importancia de salientar os aspectos positivos da evolución do cativo ou da cativa na información facilitada á familia.

4.1.e) Contidos

Contidos



Contidos

Infancia.

Lexislación sobre a infancia: dereitos e protección.

Organismos internacionais relacionados coa infancia.

Protección a menores: aspectos xurídicos. Adopción e acollemento familiar

Toma de conciencia acerca da influencia do concepto de infancia na definición dos modelos de intervención.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A familia	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica programas e actividades de intervención con familias e xustifica o papel desa intervención na educación e no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.	SI
RA5 - Avalia o proceso e o resultado das intervencións socioeducativas cos cativos e as cativas en acollemento en centros de menores en relación coa avaliación das variables salientables e os protocolos establecidos na institución.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificouse e describiuse a influencia das pautas de crianza na familia no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
CA2.2 Descríbense programas de axuda e intervención con familias desde os ámbitos educativo e social.
CA2.3 Propuxéronse estratexias, actividades e recursos para favorecer a participación da familia e, de ser o caso, mellorar a súa competencia educativa.
CA2.4 Identifícanse os criterios educativos, os aspectos formais e as actitudes que se deben ter en conta en relación á colaboración coas familias.
CA2.5 Valorouse a importancia da colaboración entre familia e institución nos primeiros anos.
CA2.6 Descríbense os problemas e os indicadores asociados ás familias en situación de risco social.
CA2.7 Identifícanse os indicadores e os requisitos que sinalan a existencia de maltrato.
CA2.8 Concretáronse os protocolos de actuación tras a detección de situacións de risco ou maltrato na familia.
CA2.9 Valorouse o papel da persoa educadora na detección e na comunicación das situacións de risco e maltrato infantil.
CA2.10 Valorouse a necesidade de manter unha actitude respectuosa cara á diversidade de situacións familiares.
CA2.11 Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.
CA5.9 Déuselles información ás familias acerca do progreso do neno ou da nena, de xeito individualizado e comprensible.
CA5.10 Valorouse a importancia de salientar os aspectos positivos da evolución do cativo ou da cativa na información facilitada á familia.

4.2.e) Contidos

Contidos
Familia: evolución.
Identificación das situacións de risco social en familias. Prevención.
Análise dos aspectos legais da intervención con familias.
Intervención coas familias nos ámbitos educativo e social: identificación das diferenzas na intervención nos dous ámbitos. Servizos e programas.
Modelos de intervención coas familias nos ámbitos educativo e social.



Contidos

Toma de conciencia da importancia da colaboración das familias no proceso socioeducativo de menores.

Problemas frecuentes nas relacións coas familias.

Traballo coas familias adoptivas e/ou acolledoras.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Os malos tratos á infancia	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica programas e actividades de intervención con familias e xustifica o papel desa intervención na educación e no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.	NO
RA3 - Pon en práctica actividades socioeducativas dirixidas a nenos e nenas en situación de risco ou en acollemento en centros de menores, en relación cos obxectivos e coas estratexias metodolóxicas da intervención.	NO
RA4 - Pon en práctica actividades e estratexias que favorezan a colaboración da familia no proceso socioeducativo dos pequenos e das pequenas en relación coas súas características, coas súas necesidades e cos obxectivos da intervención.	NO
RA5 - Avalía o proceso e o resultado das intervencións socioeducativas cos cativos e as cativas en acollemento en centros de menores en relación coa avaliación das variables salientables e os protocolos establecidos na institución.	NO
RA6 - Avalía o proceso e o resultado das intervencións con familias, identifica as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Descríbense programas de axuda e intervención con familias desde os ámbitos educativo e social.
CA2.3 Propuxéronse estratexias, actividades e recursos para favorecer a participación da familia e, de ser o caso, mellorar a súa competencia educativa.
CA2.4 Identifícanse os criterios educativos, os aspectos formais e as actitudes que se deben ter en conta en relación á colaboración coas familias.
CA2.5 Valorouse a importancia da colaboración entre familia e institución nos primeiros anos.
CA2.10 Valorouse a necesidade de manter unha actitude respectuosa cara á diversidade de situacións familiares.
CA3.11 Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.
CA4.1 Identifícanse as canles de participación das familias na institución.
CA4.2 Identifícanse as canles de participación das familias acolledoras e/ou adoptivas na institución.
CA4.3 Identifícanse as necesidades educativas e de participación da familia.
CA4.4 Preparáronse guións para reunións e entrevistas coas familias.
CA4.5 Realizáronse reunións e entrevistas seguindo obxectivos e guións establecidos.
CA4.6 Mantívose unha actitude receptiva das iniciativas e das propostas de participación das familias.
CA4.7 Organizáronse os recursos, os espazos e os tempos consonte os obxectivos da actividade.
CA4.8 Respondeuse ante situacións imprevistas.
CA4.9 Mantívose unha actitude positiva na relación coas familias.
CA4.10 Valorouse a importancia das habilidades sociais da persoa educadora nas relacións coa familia.
CA4.11 Adaptouse a comunicación ás características das familias.



Criterios de avaliación
CA5.1 Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos axeitados para obter información dos cativos e das cativas.
CA5.2 Establecéronse as estratexias, as técnicas e os instrumentos de seguimento e avaliación da intervención.
CA5.9 Déuselles información ás familias acerca do progreso do neno ou da nena, de xeito individualizado e comprensible.
CA5.10 Valorouse a importancia de salientar os aspectos positivos da evolución do cativo ou da cativa na información facilitada á familia.
CA6.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA6.2 Deseñáronse o seleccionáronse instrumentos adecuados para obter información sobre a situación familiar, as necesidades educativas da familia, as posibilidades e os desexos familiares de participación.
CA6.3 Aplicáronse correctamente os instrumentos de avaliación.
CA6.4 Recolléronse e interpretáronse correctamente os datos.
CA6.5 Identificáronse as desviacións respecto ao previsto na intervención.
CA6.6 Propuxéronse medidas de corrección en situacións problemáticas.
CA6.7 Valorouse a necesidade da participación da familia na avaliación da intervención.
CA6.8 Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo.
CA6.9 Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.

4.3.e) Contidos

Contidos
Intervención coas familias nos ámbitos educativo e social: identificación das diferenzas na intervención nos dous ámbitos. Servizos e programas.
Modelos de intervención coas familias nos ámbitos educativo e social.
Toma de conciencia da importancia da colaboración das familias no proceso socioeducativo de menores.
Entrevistas: elaboración e realización.
Organización de reunións coas familias.
Problemas frecuentes nas relacións coas familias.
Materiais para o traballo coas familias: modelos.
Traballo coas familias adoptivas e/ou acolledoras.
Papel e actitudes do educador ou da educadora infantil na intervención con familias.
Valoración do papel das actitudes e das habilidades da persoa educadora na realización de entrevistas e reunións.
Características da avaliación no ámbito socioeducativo.
Sistemas de calidade nos servizos sociais de atención á infancia.
Análise das variables persoais e contextuais salientables para a avaliación.
Instrumentos para a recollida de información: modelos.



Contidos

Instrumentos para a avaliación da intervención socioeducativa: modelos.

Informes do proceso de avaliación.

Valoración da importancia da coordinación e do traballo en equipo na avaliación da intervención.

Análise das variables persoais e contextuais relevantes para a avaliación.

Instrumentos para a recollida de información: modelos.

Instrumentos para a avaliación da intervención: modelos.

Informes.

Valoración da importancia da confidencialidade da información na intervención familiar.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Intervención con familias e menores en risco social e desamparo: medidas de protección	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica programas e actividades de intervención con familias e xustifica o papel desa intervención na educación e no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.	NO
RA4 - Pon en práctica actividades e estratexias que favorezan a colaboración da familia no proceso socioeducativo dos pequenos e das pequenas en relación coas súas características, coas súas necesidades e cos obxectivos da intervención.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Descríbense os problemas e os indicadores asociados ás familias en situación de risco social.
CA2.7 Identifícanse os indicadores e os requisitos que sinalan a existencia de maltrato.
CA2.8 Concretáronse os protocolos de actuación tras a detección de situacións de risco ou maltrato na familia.
CA2.9 Valorouse o papel da persoa educadora na detección e na comunicación das situacións de risco e maltrato infantil.
CA2.10 Valorouse a necesidade de manter unha actitude respectuosa cara á diversidade de situacións familiares.
CA4.12 Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.

4.4.e) Contidos

Contidos
Maltrato infantil: concepto, tipoloxía e indicadores.
Valoración do papel da persoa educadora na detección e na notificación do maltrato infantil.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Separación d@ menor do núcleo familiar: centros de protección de menores e acollemento familiar	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica programas e actividades de intervención socioeducativa dirixidos a cativos e cativas en acollemento en centros de menores, analizando o modelo de atención á infancia da institución e a normativa legal vixente.	NO
RA3 - Pon en práctica actividades socioeducativas dirixidas a nenos e nenas en situación de risco ou en acollemento en centros de menores, en relación cos obxectivos e coas estratexias metodolóxicas da intervención.	NO
RA5 - Avalía o proceso e o resultado das intervencións socioeducativas cos cativos e as cativas en acollemento en centros de menores en relación coa avaliación das variables salientables e os protocolos establecidos na institución.	NO
RA6 - Avalía o proceso e o resultado das intervencións con familias, identifica as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Analizouse a lexislación en relación aos servizos de atención á infancia.
CA1.4 Describiuse a estrutura organizativa e funcional dos centros de atención á infancia.
CA1.5 Identificáronse os documentos que regulan a intervención socioeducativa nos centros de menores.
CA1.6 Formuláronse obxectivos acordados coas características dos nenos e das nenas, e do modelo socioeducativo do centro.
CA1.7 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias de intervención adecuadas.
CA1.8 Prevíronse os espazos e os tempos necesarios.
CA1.9 Establecéronse as canles e os mecanismos de coordinación e intercambio de información con outro persoal profesional implicadas no proceso.
CA1.10 Valorouse a importancia do traballo en equipo no éxito da intervención.
CA3.1 Empregáronse técnicas e instrumentos para a obtención de información.
CA3.2 Identificáronse as características e as necesidades do grupo, así como o contexto asignado.
CA3.3 Organizáronse os espazos e os recursos materiais e humanos.
CA3.4 Aplicáronse estratexias metodolóxicas.
CA3.5 Valorouse a necesidade de xerar un clima familiar, de seguridade afectiva e de confianza.
CA3.6 Favoreceuse a conciliación das rutinas do centro cos ritmos individuais.
CA3.7 Resolvéronse as situacións de urxencia e os imprevistos.
CA3.8 Adoptáronse medidas de prevención e seguridade.
CA3.9 Adoptáronse actitudes de escoita das propostas dos pequenos e das pequenas, e permitiúselles participar nas decisións que lles afecten.
CA3.10 Xustificouse a necesidade do traballo en equipo e da colaboración con outro persoal profesional.



Criterios de avaliación
CA5.11 Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.
CA6.1 Selecciónáronse os indicadores de avaliación.
CA6.2 Deseñáronse o seleccionáronse instrumentos adecuados para obter información sobre a situación familiar, as necesidades educativas da familia, as posibilidades e os desexos familiares de participación.
CA6.3 Aplicáronse correctamente os instrumentos de avaliación.
CA6.4 Recolléronse e interpretáronse correctamente os datos.
CA6.5 Identifícanse as desviacións respecto ao previsto na intervención.
CA6.6 Propuxéronse medidas de corrección en situacións problemáticas.
CA6.7 Valorouse a necesidade da participación da familia na avaliación da intervención.
CA6.8 Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo.

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Protección a menores: aspectos xurídicos. Adopción e acollemento familiar</p> <p>Recursos de intervención. Tipoloxía de centros: residencias, centros con fogares, pisos tutelados, fogares de día, etc.</p> <p>Valoración dos programas e os servizos de atención á infancia como resposta á diversidade de situacións familiares. Documentos da intervención.</p> <p>Programas de carácter asistencial e de apoio a menores en situación de risco.</p> <p>Toma de conciencia acerca da influencia do concepto de infancia na definición dos modelos de intervención.</p> <p>Intervención coas familias nos ámbitos educativo e social: identificación das diferenzas na intervención nos dous ámbitos. Servizos e programas.</p> <p>Toma de conciencia da importancia da colaboración das familias no proceso socioeducativo de menores.</p> <p>Documentos dun centro de menores: proxecto educativo de centro e proxecto educativo individual.</p> <p>Análise de estratexias metodolóxicas.</p> <p>Distribución dos espazos. Creación dun clima familiar, de seguridade afectiva.</p> <p>Ingreso no centro.</p> <p>Toma de conciencia da necesidade de coordinación e do traballo en equipo con outro persoal profesional.</p> <p>Funcións e tarefas do educador ou a educadora infantil nos servizos sociais de atención á infancia.</p> <p>Coordinación co equipo de traballo e con outro persoal profesional.</p> <p>Características da avaliación no ámbito socioeducativo.</p> <p>Sistemas de calidade nos servizos sociais de atención á infancia.</p> <p>Análise das variables persoais e contextuais salientables para a avaliación.</p> <p>Instrumentos para a recollida de información: modelos.</p> <p>Instrumentos para a avaliación da intervención socioeducativa: modelos.</p>



Contidos

Informes do proceso de avaliación.

Valoración da importancia da coordinación e do traballo en equipo na avaliación da intervención.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva no presente modulo evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe e tamén dos criterios de avaliación que explicitamos a seguir:

- CA1.2. Identifícanse e describíronse as características máis salientables da rede de servizos sociais de atención á infancia.
- CA1.3. Analizouse a lexislación en relación aos servizos de atención á infancia.
- CA1.4. Describiuse a estrutura organizativa e funcional dos centros de atención á infancia.
- CA1.6. Formuláronse obxectivos acordes coas características dos nenos e das nenas, e do modelo socioeducativo do centro.
- CA1.7. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias de intervención adecuadas.
- CA1.8. Prevíronse os espazos e os tempos necesarios.
- CA1.9. Establecéronse as canles e os mecanismos de coordinación e intercambio de información con outro persoal profesional implicadas no proceso.

- CA2.2. Describíronse programas de axuda e intervención con familias desde os ámbitos educativo e social.
- CA2.3. Propuxéronse estratexias, actividades e recursos para favorecer a participación da familia e, de ser o caso, mellorar a súa competencia educativa.
- CA2.4. Identifícanse os criterios educativos, os aspectos formais e as actitudes que se deben ter en conta en relación á colaboración coas familias.
- CA2.5. Valorouse a importancia da colaboración entre familia e institución nos primeiros anos.
- CA2.6. Describíronse os problemas e os indicadores asociados ás familias en situación de risco social.
- CA2.7. Identifícanse os indicadores e os requisitos que sinalan a existencia de maltrato.
- CA2.8. Concretáronse os protocolos de actuación tras a detección de situacións de risco ou maltrato na familia.

- CA3.1. Empregáronse técnicas e instrumentos para a obtención de información.
- CA3.2. Identifícanse as características e as necesidades do grupo, así como o contexto asignado.
- CA3.3. Organizáronse os espazos e os recursos materiais e humanos.
- CA3.4. Aplicáronse estratexias metodolóxicas.
- CA3.5. Valorouse a necesidade de xerar un clima familiar, de seguridade afectiva e de confianza.
- CA3.6. Favoreceuse a conciliación das rutinas do centro cos ritmos individuais.
- CA3.7. Resolvéronse as situacións de urxencia e os imprevistos.
- CA3.8. Adoptáronse medidas de prevención e seguridade.

- CA4.1. Identifícanse as canles de participación das familias na institución.
- CA4.3. Identifícanse as necesidades educativas e de participación da familia.
- CA4.5. Realizáronse reunións e entrevistas seguindo obxectivos e guións establecidos.
- CA4.6. Mantívose unha actitude receptiva das iniciativas e das propostas de participación das familias.



CA4.7. Organizáronse os recursos, os espazos e os tempos consonte os obxectivos da actividade.

CA4.8. Respondeuse ante situacións imprevistas.

CA4.9. Mantívose unha actitude positiva na relación coas familias.

CA5.1. Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos axeitados para obter información dos cativos e das cativas.

CA5.2. Establecéronse as estratexias, as técnicas e os instrumentos de seguimento e avaliación da intervención.

CA5.6. Propuxéronse as medidas necesarias para mellorar a intervención.

CA5.7. Déuselles información aos membros do equipo seguindo os protocolos establecidos.

CA5.8. Identificáronse situacións que requiran a participación doutro persoal profesional, así como as pautas de actuación.

CA5.9. Déuselles información ás familias acerca do progreso do neno ou da nena, de xeito individualizado e comprensible.

CA5.10. Valorouse a importancia de salientar os aspectos positivos da evolución do cativo ou da cativa na información facilitada á familia.

CA6.1. Seleccionáronse os indicadores de avaliación.

CA6.2. Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos adecuados para obter información sobre a situación familiar, as necesidades educativas da familia, as posibilidades e os desexos familiares de participación.

CA6.3. Aplicáronse correctamente os instrumentos de avaliación.

CA6.4. Recolléronse e interpretáronse correctamente os datos.

CA6.6. Propuxéronse medidas de corrección en situacións problemáticas.

CUALIFICACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Para calcular a cualificación de cada unidade didáctica primeiramente cualificaranse entre 0-10 cada un dos CAs que a compoñen. Cada CA será ponderado polo peso que o CA ten na UD. Nos CAs non considerados "mínimos esixibles" poderán obter unha cualificación menor de 5 e non precisan ser recuperados pero os CAs "mínimos esixibles" non superados deberán ser recuperados para aprobar esa UD. Unha unidade considérase superada cando se superen os mínimos esixible a cualificación final sexa de 5 ou máis de

Para superar o módulo, deberán superarse todas as UD que o compoñen, e polo tanto, todos os CAs considerados como "mínimos esixibles". A cualificación final do módulo será o resultado da suma das cualificacións de ditas unidades, unha vez ponderadas polo peso que cada unidade ten no conxunto do módulo.

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL

A cualificación reflectida no boletín do primeiro trimestre e segundo trimestre, será o resultado da suma das cualificacións finais das unidades traballadas no trimestre ponderado polo peso que dita suma ten sobre a cualificación máxima que o alumno/a pode obter no trimestre.

A cualificación do boletín do terceiro trimestre, será igual á cualificación final do módulo.

PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DOS CA NON SUPERADOS

A recuperación dos CAs non superados realizarase tendo en conta as seguintes consideracións:

- No caso de non superar as probas escritas previstas para cada CA, o alumno/a deberá realizar unha nova proba, relacionada cos criterios de avaliación non superados.

-No caso de non obter cualificacións positivas nos CAs avaliados mediante outros instrumentos (táboas de indicadores, rexistros anecdóticos...) o alumno/a deberá repetir a elaboración (traballo documental, ensaio de comportamento...) sobre a que se aplica dito instrumento ou realizar outra elaboración similar, relacionada co criterio de avaliación correspondente.



O prazo previsto para as probas escritas entrega ou demostración das elaboracións non superadas, poderá coincidir coa proba final do módulo. En tódolos casos anteriores, as actividades de recuperación previstas concretaranse para cada alumno/a nun informe individualizado, que tomará como referencia os criterios de avaliación non superados.

O alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, do período da súa realización, e da data en que será avaliado.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que a alumna non acadase unha cualificación positiva nas avaliacións realizará as actividades de recuperación que establecerá a profesora de forma individualizada atendendo aos déficits da alumna e co fin de acadar os obxectivos do módulo. As actividades de recuperación terán lugar no prazo estipulado pola normativa vixente, entre a 2ª avaliación e a avaliación final.

Se as medidas de reforzo tomadas ao longo do curso resultan insuficientes e algunha alumna non supera o módulo e promociona, faranse actividades de recuperación no período previsto a tal fin pola normativa vixente e unha proba das mesmas características que a deseñada para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua.

Estas actividades concretaranse para cada alumna tomando como referencia os resultados de aprendizaxe e os contidos básicos non adquiridos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Na aplicación dos artigos 25.2 e 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanza de formación profesional inicial, a avaliación ten un carácter continuo pero o alumnado que perda o dereito á avaliación continua na modalidade presencial terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Dado que o módulo de FAM ten unha duración de 133 horas, o número máximo de faltas de asistencia para ter dereito á avaliación continua será de 14 horas. Para determinar a perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación desas faltas.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica (cada unha cun peso dun 50% da nota total) sobre os contidos do módulo e na Elaboración e presentación de actividades similares as realizadas ao longo do curso na aula e traballos extra (para compensar as faltas de asistencia), que o alumnado presentará en tempo e forma (a criterio da profesora).

Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento máis ou menos amplo, de cuestións relacionadas cos contidos do módulo. A duración máxima desta proba será de 3 horas.

Parte práctica: poderá incluír contidos procedimentais abordados ao longo do módulo que requiran a aplicación de estratexias, técnicas e protocolos específicos de intervención. A duración desta proba terá un máximo de 3 horas.

Para acadar unha cualificación positiva na proba extraordinaria é preciso obter 5 (dun máximo de 10 puntos) en cada unha das partes que a compoñen. Se a primeira parte non supera o 5 xa non correxirá a segunda.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

seguimento da programación será mensual e darase conta do mesmo no rexistro da aplicación informática de xestión das programacións. Para a avaliación da práctica docente atenderase aos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado previstas polo sistema de calidade do CIFP, pero tendo en conta, que a avaliación corresponde, en primeiro lugar, á profesora, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. A profesora provocará e favorecerá a avaliación desde o alumnado medindo desde eles o acerto das súas intervencións.

Os aspectos da programación que se someterán a avaliación son:

- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.
- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.
- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.
- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.
- Os medios e recursos: uso e rendabilidade que se consegue.
- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para a realización da avaliación inicial, o primeiro día do curso coa titora o alumnado cubrirá unha enquisa que ten como obxectivo coñecer as características e a formación previa de cada alumno e alumna así como as súas capacidades e orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente. A información recollida será analizada polo equipo educativo en xunta de avaliación, momento no que se tomarán as decisións oportunas sobre as medidas de reforzo educativo.

Ao comezo da materia e de cada unidade de traballo realizarase unha avaliación inicial, valorando os coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a impartir.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Entendemos como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polo profesorado dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias.

Entre as medidas que desde un principio se establecen nesta programación destacamos:

- Establecer claramente os obxectivos mínimos a conseguir.
- Estar abertos á preparación de diversas actividades sobre un mesmo contido variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se poñen en xogo.
- Favorecer a ubicación do alumnado no lugar máis adecuado ás súas características.
- Flexibilizar a colocación do mobiliario en caso de que poida ser de axuda.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e a axuda entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos que perseguen un mesmo



obxectivo desde a premisa de que para conseguilo é imprescindible a participación de todas as persoas do grupo.

- Propoñer actividades de traballos colaborativos en pequenos grupos ou en parella.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A temática do módulo posibilita o debate co alumnado sobre os principais temas transversais, que estarán integrados en boa parte das actividades. A educación para a saúde será destacada coma unha compoñente esencial dunha vida plena, máis alá da comprensión daquela como a falla de enfermidade, contemplando pois como a capacidade de funcionar e relacionarse cos seus semellantes dun xeito enriquecedor para sí mesmo e para a colectividade.

A educación para a paz traballarase en todas as actividades de cooperación, resolución pacífica de conflitos e co respecto das opinións alleas, características imprescindibles para a intervención social e, todavía máis importante, nun contexto progresivamente máis intercultural.

En relación coa educación para o consumo e educación ambiental, e preciso suliñar a consideración dos diversos niveis que relacionan o consumo co estilo de vida, tendo coma protagonista principal o respecto ó medio ambiente.

Tendo en conta as capacidades do alumnado neste ciclo superior, considerase necesario insistir nos aspectos actitudinais dos temas transversais, o que, dadas diversas condicións permitiría un enfoque axeitado da súa actuación profesional.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso favorecerase a participación do grupo na realización das seguintes actividades complementarias á formación organizadas conxuntamente polo equipo docente do ciclo:

-Visita á Casa de Familia, xestionada por Arela.-2º trimestre

-Charla impartida por Mila Budiño, directora do Centro de Atención de Día e responsable do Programa La Caixa Pro-Infancia na cidade de Santiago.-2º trimestre

-Charla de profesionais do Programa de Acollemento Familiar de Cruz Vermella.-1º trimestre

-Charlas de familias adoptivas e acolledoras- 1º trimestre

10.Outros apartados

10.1) Metodoloxía

10.1.1. Liñas metodolóxicas xerais

Atendendo ao artigo 35 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia indícasenos con respecto á metodoloxía que: A metodoloxía para utilizar na formación profesional específica tratará de forma globalizada os contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos asociados ás súas ensinanzas, e integrará a teoría e a práctica, de xeito que se promova no alumnado unha visión global e coordinada dos procesos produtivos nos que deberá intervir como profesional. Tamén que nestas ensinanzas prestaráselles unha atención adecuada ás persoas con discapacidade, no relativo ás condicións de accesibilidade e cos recursos de apoio necesarios en cada caso.

O decreto 226/2008 e o decreto 38/2010, polos que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de



técnico/a superior en Educación Infantil danos unhas orientacións pedagóxicas con respecto ao módulo de Intervención con familias e menores en risco social xa que contén formación necesaria para desempeñar as funcións a organización, execución e avaliación de intervencións socioeducativas con menores de cero a seis anos en situación de risco ou en acollemento en centros de menores e a organización, execución e avaliación de intervencións dirixidas a favorecer a colaboración das familias no proceso socioeducativo dos cativos e das cativas e, de ser o caso, mellorar as súas pautas educativas e de crianza.

A función de organización abrangue aspectos como a detección de necesidades e a elaboración da programación, especificando todos os seus elementos.

A función de execución inclúe a recollida de información dos cativos e das cativas e as súas familias, a organización da actuación e a previsión de contingencias, o desenvolvemento da actuación propiamente dita, a aplicación das estratexias de intervención establecidas na programación e a elaboración e formalización da documentación asociada ao proceso.

Finalmente, a función de avaliación refírese ao control e ao seguimento das actividades.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense no sector da educación formal e non formal, así como no dos servizos sociais de atención a menores de cero a seis anos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), f), g), j), k) e l) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), d), e), g), i) e j) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Deseño de programas e de actividades socioeducativas dirixidas a menores en situación de risco ou acollemento partindo do marco teórico dos sistemas e dos servizos de protección á infancia e das directrices xerais establecidas nunha institución real ou ficticia.

- Deseño de programas e actividades de intervención con familias, partindo de situacións reais ou ficticias, e selección e posta en práctica de estratexias metodolóxicas que favorezan a súa participación e melloren a súa competencia educativa.

- Realización de entrevistas e reunións analizando as habilidades sociais e de relación interpersoal necesarias en cada caso.

- Avaliación das intervencións seguindo procedementos de calidade implantados nas institucións, ou elaborando e seleccionado os instrumentos axeitados.

- Execución de traballos en equipo.

- Aplicación de criterios e indicadores que permitan a mellora da eficacia e da calidade do servizo.

- Avaliación do traballo realizado.

Toda acción educativa precisa dunha metodoloxía concreta para poder desenvolverse dun xeito planificado e construtivo. No caso da Formación Profesional a metodoloxía didáctica das ensinanzas integrará os aspectos científicos, tecnolóxicos e organizativos que en cada caso correspondan. Así, a metodoloxía a seguir para o desenvolvemento da presente programación está caracterizada polas seguintes connotacións: propoño seguir unha metodoloxía activa, integradora, coeducativa, comprometida, lúdica, participativa, adaptativa e flexible que toma como base o enfoque do construtivismo dialéctico.

Este enfoque trae consigo que a alumna ou o alumno asuma un papel protagonista na dinámica das aulas, o que garante unha maior implicación no seu propio proceso de enseñanza-aprendizaxe e ademais exercitarse nos procesos que constrúen os conceptos, levando a cabo a denominada por Ausubel como unha «aprendizaxe significativa» estimulando as súas capacidades de análise, reflexión, traballo crítico, toma de decisións, planificación, busca de solucións creativas, traballo en equipo... necesarias para o exercicio profesional da Integración Social, como afirma Sábato: «o ser humano aprende na medida en que participa no descubrimento e na invención». É unha enseñanza recíproca, interpersoal entre alumnado e o propio profesorado que consegue a motivación necesaria para que todo o grupo se implique nas aprendizaxes de forma activa e construtiva.

10.1.2. Principios metodolóxicos

Definida polas anteriores características, e en relación cos procesos de ensino-aprendizaxe, establécense os seguintes principios metodolóxicos básicos que afectan a toda a intervención educativa:

Adaptación ás características concretas do grupo-aula: xa que na formación profesional específica poden ser moi variables dun centro a outro, e



incluso dun curso a outro nun mesmo ciclo formativo.

Adaptación ao nivel de madurez do alumno/a: tanto para o deseño e posta en práctica das diferentes actividades, como para o establecemento e transmisión dos contidos e deseño dos obxectivos a acadar.

Aprendizaxe significativa: necesidade de ter en conta os coñecementos previos do alumno/a (non só académicos senón tamén os que adquiriu a través da súa experiencia en diferentes ámbitos) e os seus intereses e expectativas, facilitando a través de diferentes actividades que o alumno/a poida relacionar o que xa sabe co que aprende.

Aprendizaxe funcional: facilitarase que o alumno/a faga persoais as diferentes aprendizaxes, que poida traducilas á súa propia linguaxe, empregalas noutras áreas e aproveitar o traballado para seguir aprendendo.

Globalidade: que permita poñer en relación os diversos bloques temáticos. Facilitarase que o alumnado poida establecer relacións entre actividades, procurando que deduza aplicacións dos contidos aprendidos coa realidade e a práctica profesional.

Motivadora de futuras aprendizaxes: debe axudar a que o alumno/a comprenda que a aprendizaxe é algo que nunca se acaba e que o seu futuro profesional esixiralle a continua adquisición de novos coñecementos.

Fomento da autonomía: a intervención educativa debe fomentar a creatividade, a iniciativa e a capacidade de investigación e innovación.

Fomento dun espírito crítico: relacionado directamente coa autonomía en todo o proceso de ensino-aprendizaxe, tenta fomentar a análise por parte do alumnado dos diferentes contidos a traballar promovendo a formulación de opinións e posicionamentos fundamentados.

Incidencia na zona de desenvolvemento próximo: que, segundo Vigotsky, se establece vendo a diferenza entre o que o alumno/a é capaz de facer e de aprender por si mesmo/a eo que é capaz de facer e aprender co concurso doutras persoas, observándoas, imitándoas, seguindo as súas instrucións ou colaborando con elas.

Énfase na superación de necesidades educativas específicas: mediante axudas persoais ou materiais aos alumnos/as que o precisen temporal ou permanentemente, para que acaden as finalidades da etapa educativa.

Primacía do traballo grupal: como parte fundamental dentro da metodoloxía, a través de agrupamentos flexibles en función da actividade a realizar, que poden ser en grande grupo, pequeno grupo (fixos ou móbiles); e en cada un deles homoxéneos ou heteroxéneos (Coll, C. e out.1993).

Unha metodoloxía grupal enriquece o proceso de ensino-aprendizaxe a través da participación e achegas de diferentes persoas, e facilita que o alumnado a identifique como maneira fundamental de desenvolver o seu labor profesional dentro do campo da animación e na súa futura inclusión en equipos interdisciplinares.

Non se pode esquecer que a FP prepara para o desenvolvemento de competencias profesionais, que son os coñecementos, habilidades, destrezas, actitudes que habilitan para o exercicio dunha profesión, «o saber facer», polo que os contidos procedementais abórdoos dende a aplicación, a práctica, a simulación, e o coñecemento de realidades laborais concretas. Ofréceselles experiencias variadas asociadas directamente coa realidade profesional na que han de inserirse a través da formulación de supostos prácticos e das entrevistas a profesionais relacionados co campo da Intervención con familias e a atención a menores en risco social. A consolidación destas adquisicións acádase a través da aplicación das aprendizaxes en diferentes contextos como a aula, a experiencia da FCT, coa proposta Eduemprende, etc.

Parte dos contidos do módulo trabállanse tamén a través doutros módulos profesionais do ciclo, polo que o traballo interdisciplinar cos/as demais docentes será fundamental para o desenvolvemento deste. A interdisciplinidade ponse tamén de relevo no traballo conxunto co Departamento de Información e Orientación Profesional do centro e con outros/as profesionais do campo da intervención, algunhas veces alleos ao centro educativo, cos/as que se realizará algunha actividade.

10.1.3. Actividades de ensino-aprendizaxe

As actividades que se levarán a cabo para o desenvolvemento das distintas unidades didácticas responden á seguinte tipoloxía:

De cada unidade de traballo a profesora proporciona un documento escrito que recolle a información máis relevante sobre a UD como apoio ou substitución das exposicións orais. Realízanse diferentes actividades de ensinanza-aprendizaxe que expresan o conxunto de técnicas, destrezas e actitudes de esencial adquisición por parte do alumnado para o desenvolvemento das competencias do módulo e son: actividades iniciais: a tormenta de ideas e os debates para desterrar os posibles falsos conceptos ou ideas erróneas que poden interferir na aprendizaxe de novos conceptos; e poder así, estruturar o proceso de ensinanza-aprendizaxe en base aos coñecementos previos xerais, para lembrar e asentar os coñecementos previos do alumnado en relación coa unidade ou bloque a que se pretende traballar, na resolución significativa, reflexiva e funcional de supostos prácticos para exercitar ao alumnado no seu futuro profesional; actividades de desenvolvemento, coas que se pretende que o



alumnado investigue e elabore a información, extraendo conclusións, comunicando a información e cohexionándoa con outros contidos do módulo: combinar as exposicións teóricas por parte da profesora, que non supoñen nunca un monólogo coas as visitas a/de relatores relacionados coas temáticas das UD e tamén por parte dos/as alumnos/ as; ademais de organizar, deseñar, dinamizar e avaliar diferentes proxectos e actividades de Apoio á intervención educativa tanto no centro como noutros contextos, de xeito individual, por parellas, en pequeno e en gran grupo, variables e conformados ao chou xa que é moi importante que o alumnado se afaga a traballar con diferentes persoas, favorecendo os agrupamentos heteroxéneos para fomentar a solidariedade entre eles; simulando así os contextos de traballo real a desenvolver con posterioridade. Presento diferentes actividades atendendo aos principios de variabilidade, redundancia, complementariedade e complexidade crecente das tarefas con posibilidade de ser adaptadas aos distintos contextos e ás necesidades do alumnado; por exemplo: a realización de supostos prácticos, que permitirán ao alumnado traballar a relación dos contidos de tipo máis teórico coa realidade da súa práctica profesional, análise documental, que facilitará que o alumnado se familiarice co manexo de diferentes tipos de documentos (textos, artigos, lexislación...) necesarios no desenvolvemento da súa profesión, traballo con materiais audiovisuais: tanto visionado (películas, documentais...) a través da realización de vídeo-foros, escoita, como na elaboración de materiais propios (gravacións, recollidas de material, participación na creación do blog do ciclo), actividades propias de cada unha das expresións, busca, recollida, manexo e análise de información sobre diferentes tipos de contidos, así como visitas fóra da aula, dinámica de grupos, tanto a través de dinámicas de distensión e motivación do alumnado, como doutras elaboradas para o traballo de contidos específicos (role-playing, foros de discusión, barómetro de valores, choiva de ideas...) e outro tipo de actividades que os alumnos/as propoñan e que non estean reflectidas na presente programación, e que dado o carácter flexible da mesma se poidan incluír no seu desenvolvemento.

Para rematar facemos actividades finais e de avaliación, onde o alumnado sintetiza os conceptos fundamentais de cada unidade de traballo, que lle axuden a esquematizar as ideas importantes, a organizar e relacionar contidos, etc., a través das que poida comprobar o progreso acadado ao longo da unidade didáctica, ademais completo este apartado cunha actividade común de consolidación e varias complementarias para asegurar e afianzar aínda máis os contidos conceptuais dende un novo punto de vista e fortalecer os contidos os procedementais de xeito individual. Propoño unha actividade de reforzo e recuperación, como medida ordinaria de atención á diversidade e varias actividades de ampliación, orientadas a conseguir máis información sobre a UD a tratar, realízanse de xeito voluntario e fóra do horario lectivo. Estou atenta a posibles dificultades que xurdan ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe co obxecto de articular as solucións, usando as medidas de reforzo precisas, que permitan que todo o alumnado sexa capaz finalmente de acadar os obxectivos do ciclo e os resultados de aprendizaxe e contidos básicos do módulo, por iso adapto a metodoloxía á diversidade do alumnado e realizo un seguimento individualizando.

Para a selección, deseño e secuenciación das actividades de ensino-aprendizaxe teranse en conta os seguintes criterios: favorecerán o coñecemento do entorno por parte do alumno/a; favorecerán a súa autonomía, a capacidade por aprender por si mesmo/a, a capacidade de traballo en equipo, a mellora das súas destrezas manuais, o desenvolvemento de habilidades cognitivas e a asimilación de actitudes positivas de cara á vida e á súa futura inserción laboral; contribuirán ao desenvolvemento da memoria comprensiva; aproveitarán os coñecementos previos do alumno/a e contribuirán ao desenvolvemento de aprendizaxes funcionais; potenciarán a aplicación por parte do alumno/a do método científico en canto a análise, desenvolvemento e aplicación da súa actividade; estimularán o interese pola autoaprendizaxe relacionada coa formación permanente nun entorno laboral cambiante; emprego de tecnoloxías, organizacións... relacionadas co entorno produtivo do ciclo formativo; axeitadas ao seu nivel de desenvolvemento, estilo de aprendizaxe e ritmo de traballo; favorecerán o desexo de aprender; permitirán ao alumno/a o coñecemento do seu nivel de competencia inicial en relación cos contidos de aprendizaxe e valorar as súas necesidades e posibilidades para adquirilos.

10.1.4. A perspectiva de xénero

A sociedade, e como reflexo dela, a lexislación educativa actual considera imprescindible o tratamento da igualdade de xénero. Debe estar presente en todo proceso de ensino-aprendizaxe, e no noso caso en concreto está intimamente relacionado con moitos dos aspectos dos currículos da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade. A lexislación vixente recolle nas competencias temas transversais fundamentais e tamén a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, na se fai máis fincapé dado que en toda intervención social e educativa debemos ter presente a introdución da perspectiva de xénero como un eixo fundamental de traballo.

Tal e como se indica no Artigo 23 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:

«O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e



oportunidades entre mulleres e homes. Asemade, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros».

No artigo 14.3 da mesma lei, indícase: «A colaboración e cooperación entre as distintas administracións públicas na aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades».

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia fai, así mesmo, mención especial á igualdade de oportunidades, indicando no seu artigo 3.2 que «a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio».

É necesaria a aplicación da perspectiva de xénero no campo da Integración Social, en xeral, e do Apoio á intervención educativa, en concreto, como ferramenta para superar as desigualdades entre homes e mulleres que, na educación, que dificultan a construción de sociedades máis plurais e incluíntes. Xa que o xénero é unha construción cultural e social, definida polas relacións de poder e polas normas e valores relativos aos roles entendidos como masculinos e femininos con respecto ao comportamento, podemos concluír que a inclusión do xénero é fundamental como elemento asociado ás intervencións educativas porque, doutro xeito, estaremos a perpetuar as desigualdades. O noso alumnado, como futuros TSIS, debe servir de modelo para a sociedade e o/as usuarios/as beneficiarias das súas accións, xa que eles/as menos/as forman parte dunha sociedade onde as desigualdades están presentes en todos os ámbitos e a Intervención educativa non é unha excepción.

A inclusión da dimensión educativa nos aspectos relacionados co xénero e a loita pola igualdade entre homes e mulleres é aínda unha materia pendente e doutra banda, as organizacións e institucións que traballan no sector da educación, non atenden suficientemente o enfoque de xénero dentro das súas políticas e programas culturais. Coñecemos a existencia de estereotipos e roles sociais impostos que limitan a participación das mulleres e as nenas na vida das súas sociedades.

A maiores existe unha clara feminización das profesións relacionadas coa educación, onde as mulleres estamos moi ben representadas nas institucións públicas, na educación regrada e non regrada, formal e non formal, e nalgúns empregos asistenciais-educativos afíns ás tarefas «propias» femininas, respondendo ás expectativas sociais, ás barreiras simbólicas que asignan roles, espazos e talentos diferentes para homes e mulleres.

Durante os últimos anos, Estados, organismos internacionais, institucións públicas e privadas nacionais, así como organizacións non gobernamentais, asociacións, fundacións, agrupacións diversas e persoas individuais, impulsaron normativas, políticas, programas, proxectos e iniciativas dirixidas á erradicación da desigualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos. Aínda así cómpre implementar os desafíos políticos e as actuacións específicas para promover a visibilidade e recoñecemento das mulleres na cultura e facilitar ferramentas educativas e identificación de estereotipos negativos e outro tipo de barreiras que obstaculizan o acceso e desenvolvemento das mulleres como profesionais en cada unha das fases da cadea de valor.

A perspectiva de xénero aproxímase á realidade das olladas dos xéneros e cuestiona as súas relacións de poder. A introdución desta perspectiva nesta programación a abordar implica necesariamente ter en conta dous conceptos fundamentais: a transversalidade e o empoderamento. A transversalidade de xénero implica a inclusión do principio da igualdade real en todas as accións de todas as fases da intervención. O empoderamento fai referencia ao proceso mediante o cal as mulleres gañamos confianza, lugares e recursos para paliar as condicións de desigualdade, tanto individual como colectivamente.

Introducir esta variable na metodoloxía supón a inclusión de medidas de acción positivas, que xeran unha análise da realidade que afonde na desigualdade estrutural e nas relacións de xénero e implica ter en conta os seguintes apartados a nivel de intervención educativa: Obter información desagregada por sexo en cada unha das fases da intervención, coñecer os diferentes puntos de partida de mulleres e homes, eliminación de estereotipos e roles sexistas coa práctica social/ educativa, ter presente a eliminación da desigualdade de xénero nos obxectivos da intervención, elaboración de indicadores de xénero que permitan medir o efecto da intervención na desigualdade de xénero, crear estratexias específicas para potenciar o reequilibrio de poder entre homes e mulleres e utilización da linguaxe inclusiva.



10.2) Medios e recursos didácticos e de espazos

De conformidade co establecido no Anexo II do decreto 226/2008 polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Educación Infantil, os requisitos mínimos de espazos e instalacións para impartir as ensinanzas o ciclo formativo de FP de grao superior de Educación Infantil son: unha aula polivalente de 60 m² para 30 alumnas e alumnos cun 47% de grao de utilización do espazo en horas con respecto ao total e de 40 m² cun 47% de grao de utilización para 20 alumnas e alumnos e un obradoiro de Educación Infantil de 120 m² para o primeiro caso e de 90 m² para o segundo caso nun 53% de utilización. Indícasenos tamén cales son os equipamentos mínimos: Equipamentos informáticos instalados en rede e con conexión a internet, Software, equipamentos audiovisuais: cámara de fotografía dixital, cámara de vídeo dixital, computadores instalados en rede, equipamento de proxección multimedia, equipamento básico de iluminación escénica, equipamento de música con platina, lector de CD e MP3, gravadora de voz, taboleiro dixital; escáner e impresora de cor de A3.

- Material de primeiros auxilios: caixa de primeiros auxilios equipada e manequín de primeiros auxilios (de cero a tres anos).
- Instalacións e materiais para coidados, hixiene e alimentación infantil: bañeira encaixable con billa e ducha; moble para cambiar, colchón para o cambio de cueiros, berces, colchóns para berce, colchón de tatami, biberóns, quentador de biberóns, esterilizador de biberóns, forno eléctrico, forno microondas e equipamento de enxoval para cociña.
- Material de psicomotricidade grosa: moble carro de psicomotricidade, ladrillos de psicomotricidade, aros de psicomotricidade (diámetros: 40 cm, 50 cm e 60 cm), picas de psicomotricidade (diámetros: 70 cm e 100 cm), conos de psicomotricidade, enganches universais de picas e aros, percorrido encaixable recto e curvo, cordas de psicomotricidade, conxunto de pés e mans de psicomotricidade, pelotas inchables xigantes (diámetros: 55 cm e 60 cm), pelotas de sons, pelotas de agarre e conxunto de módulos encaixables psicomotricidade.
- Material de psicomotricidade fina: fiado de formas xeométricas, ensarte de perlas xigantes, fiado de botóns, fiado de carretes, fiado debólas, xogo de bólas encaixables sobre base, xogo de formas xeométricas con bases, xogo de roscas e parafusos, flores de rosca, encaixes de formas xigantes, encaixes básicos de animais, encaixes básicos de personaxes, encaixes básicos de obxectos cotiáns
- Materiais de xogos estruturados: caixas de música, xogos de construción, formas xeométricas xigantes, torre amoreable, cubo de formas xeométricas, labirintos de formas, casiña de percorrido e xogo motor.
- Materiais de expresión rítmico-musical: xogo de sons e lote de instrumentos de percusión.
- Materiais de expresión dramática: teatriño desmontable e monicreques (planos, de luva, de varas e de fíos).
- Materiais de expresión plástica: mesa de luz, cabaleta de pintura de dúas caras, paletas, pinceis, esponxas de estampaxe, alfombras de corte e escala cromática.
- Material de razoamento lóxico-matemático: ábaco, crebacabezas, bloques lóxicos de Diennes, regretas de Cuisenaire, miniarco e dominó.
- Material de expresión oral: xogo de imáxines e de iniciación á lectura.
- Material de percepción sensorial: conxunto de paneis táctiles, xogos de estimulación multisensorial, xogo óptico, xogo táctil, xogo visual e mesa de auga e/ou area.

A organización dos recursos deberá ter en conta as directrices recollidas no Proxecto Educativo de Centro e no Proxecto Curricular do Ciclo. Os recursos necesarios para o desenvolvemento do módulo son os seguintes, a maiores dos xa esixidos no decreto como mínimos. Segundo A. Zabala recursos son: «Todos aqueles instrumentos e medios que proporcionan ao educador pautas e criterios para a toma de decisións, tanto na planificación coma na intervención directa no proceso de ensinanza-aprendizaxe e na súa avaliación». Utilizo todo tipo de materiais e recursos relevantes, os máis axeitados para transmitir contidos e acadar os obxectivos propostos, adaptándoos sempre ás características e necesidades do alumnado, potenciando que aprendan a aprender do xeito máis autónomo posible.

Todos materiais e recursos achegados pola profesora e os traballos realizados polo alumnado están accesibles dende a aula virtual do módulo.

Materiais: empregárase un variado número de soportes en función dos contidos a traballar e a propia natureza da actividades propostas. A maioría destes materiais didácticos xa están elaborados, se ben outros poden ser realizados polos propios alumnos/as. Fan referencia aos seguintes:

- Recursos tecnolóxicos: contarase con equipo de música, canón de proxección, reprodutor de DVD, ordenadores portátiles e de mesa, cámara fotográfica dixital, cámara de vídeo dixital, gravadora de voz, páxinas web, aula virtual, blog de curso, escáner e impresora, software libre, dada a gratuidade do mesmo, como LibreOffice para o intercambio de documentación, programas de deseño gráfico e de edición de vídeo.



- Recursos bibliográficos: publicacións, libros de texto, apuntes, bibliografía suxerida, fotografías, mapas, xornais, revistas, guías didácticas, documentos procedentes de centros e servizos de Integración social e material lexislativo, prensa, artigos de interese, estudos, proxectos...

- Recursos audiovisuais: documentais, películas, cds, dvds, cámara (analóxica e dixital), vídeo dixital, gravadora mp3, etc.

Inmateriais: no campo da Integración Social cobran tanta ou máis importancia que os anteriores. Traballamos coa cultura en todas as súas manifestacións, a música, o teatro, a literatura... hai que contar cunha serie de recursos da cultura popular e da tradición oral: oficios, cantigas, lendas, festas, tradicións... que forman parte do patrimonio da comunidade.

Humanos: para un desenvolvemento óptimo da programación faise necesaria a coordinación co resto do persoal do centro educativo (resto de profesorado do ciclo, membros do propio departamento, persoal do departamento de orientación,...).

Ademais do persoal do centro educativo faise necesaria a colaboración con outras persoas alleas ao mesmo: Profesionais dos Servizos Sociais, para o desenvolvemento das charlas; profesionais doutras institucións e organizacións da contorna ou aquelas ás que se realicen visitas (asociacións, residencias, bibliotecas...); axentes da comunidade, de diferentes colectivos, cos que se conte para a realización dalgunha das actividades propostas (investigacións, recollidas...).

Espaciais: o espazo no que se desenvolverán a maioría das sesións e actividades será a propia aula, definida pola flexibilidade á hora da organización, tanto do propio espazo como do grupo de alumnos/as. Contamos cunha aula e outra aula-obradoiro con disposición en U das mesas e das cadeiras, que crea un espazo sen referencias xerárquicas, fai a aula máis participativa, permite á profesora achegarse ao alumnado mentres expón, serve para cohesionar ao grupo, xa que permite a comunicación entre todos eles/as e consegue así que pasen de ser un grupo de persoas a ser un equipo de traballo.

Ademais da aula contarase con outras instalacións do centro, como a sala de usos múltiples, biblioteca, corredores do centro, aula de vídeo-conferencias e espazos exteriores. Valórase a posibilidade de empregar outras infraestruturas da contorna do centro: teatro, biblioteca, museo, centro cívico, instalacións deportivas...

Traballo con: materiais tradicionais con soporte de papel como: con soporte diferente a papel: lousa, xogos, materiais achegados e construídos polo alumnado, de refugallo, etc; materiais relacionados coas novas tecnoloxías e os recursos humanos: o profesorado, o grupo da aula e os profesionais visitadas ou que nos visiten durante as ACF.

10.3) Plans e proxectos. Traballo coas TIC e fomento da lectura

Contribución ao desenvolvemento das capacidades nas TIC

Na sociedade da información na que actualmente nos atopamos, o uso cada vez máis xeneralizado das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) trae consigo cambios en practicamente todas as actividades realizadas e os seus efectos maniféstanse de xeito moi especial na práctica laboral e no mundo educativo. Neste último é especialmente necesaria a revisión e actualización nos procesos de ensinanza-aprendizaxe, da formación básica, das infraestruturas, dos medios a dispor, da estrutura organizativa dos centros, etc. como queda constancia no proxecto Abalar ofertado dende a Consellería de CEOU. Neste 2017 a CCEOU ten pensado implementar o espazo Abalar a través da dixitalización maior das aulas e a través da comunidade educativa virtual Aqueiro. Co Plan TIC, procuramos estar preparados/as de cara á implantación deste proxecto para que o alumnado adquira sen dificultade a súa competencia dixital.

Dende o módulo de Intervención con familias e atención a menores en risco social propoñemos para apoiar o desenvolvemento do Plan TIC, aprender sobre as TIC, na medida que o meu alumnado o precise, como fonte de información e provedor de recursos didácticos para integralos de xeito progresivo e ademais aprender coas TIC, que estes recursos formen parte da práctica habitual da ensinanza-aprendizaxena totalidade das UD. Metodolóxicamente os novos medios son máis atractivos para o alumnado e acado con eles unha maior interacción, entre eles e comigo, ademais de que facilitan o traballo en grupo na distancia.

Ao longo deste curso 2017-2018 busco afondar no uso das TIC a través da posta en práctica dos procedementos a seguir: incorporo as novas tecnoloxías na aula nalgunhas das exposicións, utilizo o canón e ordenador para o visionado de filmes e documentais, aproveito a utilización das TIC para mellorar a atención á diversidade, elaboramos e mantemos un blog do curso en coordinación cos demais módulos, a aula virtual onde catalogamos os mellores recursos dispoñibles na internet alén dos materiais propios do módulo que sosteñen os contidos conceptuais, o lugar de encontro de opinións e en valores, o espazo común onde compartir información, o vehículo e a canle do avance e progreso do noso coñecemento; utilizámolo para compartir as actividades docentes e para a posta en común das unidades, traballamos en rede e conta cunha sala de lectura onde



se colgarán vídeos das alumnas e dos alumnos opinando sobre as súas lecturas, expoñendo e debatendo, ademais utilizo de xeito habitual o correo electrónico como xeito de comunicación e para facilitar ou axilizar o intercambio de información, realizo continuas referencias a páxinas web como recursos para cada UD, incluídas na webgrafía recomendada.

10.3.2. Contribución ao plan lector

Dende o módulo de Apoio á intervención educativa apoiamos o desenvolvemento do Plan Lector do centro e queremos contribuír ao seu éxito co propósito de garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas de cara á súa formación integral como cidadáns e tento favorecer así a adquisición e mellora da competencia comunicación lingüística.

Neste ano 2017 e 2018 podemos contribuír á dinámica de fomento da lectura participando nos programas ofertados dende a Consellería de CEOU a nivel de centro e ou dende a biblioteca do centro escolar. (Convocatoria de 1 de setembro de 2017 relativa á convocatoria de Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no contexto das actuacións para ao fomento da lectura en centros escolares, pola que se incentiva o funcionamento de Clubs de lectura en centros públicos de titularidade da Consellería de CEOU, que acollan ensinanzas de educación secundaria, bacharelato, formación profesional tanto en réxime ordinario como de persoas adultas, ou ensinanzas de réxime especial. Curso 2017/2018) Dende o módulo as colaboracións concretas ao plan son: en coordinación coa biblioteca, adquirir material bibliográfico para cada UD, co arranque do curso, ás alumnas e aos alumnos ofrézollas unha bibliografía e webgrafía con libros, páxinas web e blogs de lectura recomendada; a medida que avanza o curso amplíoo dando indicacións dalgúns outros en función das novidades editoriais e/ou reparando nas especificidades ou gustos persoais dos discentes ou que polas súas características podan ser de interese para a súa formación, premio, dentro da avaliación continua do módulo nos contidos actitudinais, aos alumnos e ás alumnas que presenten comentarios críticos escritos ou gravados dalgún dos libros de lectura recomenda ou doutra procedencia, de xeito voluntario, ler diariamente textos en voz alta, comezar cada UD do módulo coa lectura dun poema curto, para a primeira UD a proposta e elección provén da docente e para as seguintes escolle e le o propio alumnado de xeito voluntario; con este convite á lectura busco tamén unha interrelación maior entre as bibliotecas e o alumnado.